

A SEÑORA A E O SEÑOR Z

Texto de TERESA DURAN

Ilustracións de GUSTAVO ROLDÁN

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 36 páx. 14 €

[A señora A e o señor Z](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-391-2. Álbum ilustrado. Demademora.

[La señora A y el señor Z](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-392-9. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

[La senyora A i el senyor Z](#) (català)

ISBN 978-84-10387-21-8. Álbum iIllustrat. Obres d'autor/a.

O amarelo dáballo calafríos; o verde, urticaria; o azul, dor de gorxa

e o vermello... Oi!, o vermello!

O vermello causáballe febre, dor de estómago, cagarría e espirross...

Fronte á monotonía de vivir en branco e negro, un divertido e afectuoso antídoto con resultado sorprendente.

Como lle di o doutor á señora A, “é moi triste terlle alerxia ás cores”.


Sorte que esta peculiar dona ten como veciño o señor Z, un famoso pallaso que -con insólitos e coloridos trucos- trata de curar a súa alerxia cromática, que non só lle provoca uns desagradables efectos na saúde, senón que lle condiciona todos os aspectos da vida cotiá: o seu fogar, o seu vestiario, su alimentación e incluso su mascota.

Cun texto que destaca pola expresividade narrativa, o ton coloquial e unha sutil ironía, Teresa Duran propón unha historia chea de humor arredor da convivencia, das relacións humanas e da superación dos medos, cos conceptos opostos como telón de fondo: a primeira e a última letra do alfabeto que dan nome aos protagonistas, o contraste entre a sobriedade do branco e negro fronte á alegría das cores na súa plenitude, representados por un personaxe circense; a vecindad entre persoas que viven arriba e abaixo...

Nesta sociedade individualista, «A señora A e o señor Z» amosa que a empatía e a solidariedade teñen un poder transformador.

Co seu inconfundible estilo, as ilustracións de Gustavo Roldán -a base de pluma e acuarela- remiten ao cómic e ao cine mudo, tamén en clave cómica: o movemento dos personaxes a través da páxina, as onomatopeas, os trazos caricaturescos...

O relato visual avanza dende as escenas monocromáticas que recordan o Op Art cara a unha progresiva policromía, cun final aberto que é toda unha declaración de intencións.



■ **Temática:** fobias e alerxias, convivencia e relacións humanas,

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** opostos, cores; saúde, superación; alfabeto; humor, amizade, afecto; vecindade, empatía, axuda aos demais, compartir, solidariedade, tolerancia; circo; cómic.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-senhora-a-e-o-senhor-z-g>

■ **En Kalandraka TV:**

<https://kalandraka.tv/gl/videos/teresa-duran-busquem-lessencia/>

Teresa Duran

(Barcelona, 1949)

Diplomada en Deseño Gráfico, licenciada en Filosofía e en Ciencias da Educación, e doutora en Pedagogía. É escritora e ilustradora, foi profesora e investigadora do Departamento de Didáctica da Educación Visual e Plástica da Universidade de Barcelona, tradutora de autores como Gianni Rodari ou François Place, crítica literaria e experta en literatura infantil-xuvenil. A súa obra -traducida a varias linguas- suma máis dun cento de títulos polos que ten recibido o Premio á mellor obra de literatura xuvenil da Generalitat de Catalunya (1983), o Premi Òmnium Cultural de Ràdio (1984), o Premi Ciutat d'Olot de novela infantil (1989), o Premio Crítica Serra d'Or (1995, 1997 e 2003), mención de honra da IBBY (1999 e 2000), o Premi Llibreter (2001), a Creu de Sant Jordi (2007) e o Premi Trajectòria da Setmana del Llibre en Català (2020), entre outros. Colaborou con revistas especializadas como Faristol (que dirixiu durante moitos anos), Infància, Cavall Fort, Tretzevents, El Tatano... Ten impartido numerosas conferencias e foi comisaria de máis de cincuenta exposicións para entidades públicas e bibliotecas.

Gustavo Roldán

(Córdoba, Arxentina, 1965)

Autor e ilustrador. Cunha ampla traxectoria en medios gráficos, comezou a expoñer a súa obra en 1985. Os seus numerosos libros foron publicados en Europa, Asia e Latinoamérica. Ten recibido o Premio Octogono (Francia), o Premio Junceda (Associació Professional d'Il·lustradors de Catalunya), senllas mencións do Banco do Libro de Venezuela e do certame aos libros mellor editados en Holanda, e foi candidato ao Premio Andersen. Tamén foi seleccionado en varias edicións da Lista de Honra ALIJA (IBBY Argentina) e White Ravens. Participou nas mostras internacionais da Feira de Boloña, a Bienal de Bratislava e a FIL de Guadalajara (México). Afincado en Barcelona, colabora con diversas editoras.

https://www.instagram.com/gustavo_rolan_ilustrado_r/

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com